



**SESION EXTRAORDINARIA  
DO PLENO DA CORPORACION  
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE SETEMBRO DE 2.020**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Antonio García Fornos, D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Fernandes Pires, D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves e D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 17/06/2020.**

Por asentamento unánime dos integrantes da Corporación Municipal aprobouse a acta anterior correspondente á sesión celebrada o 17 de xuño de 2020.

**2º.- SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ. INCORPORACION AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA - AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA.**

Dá conta o Sr. Alcalde da proposta da adhesión ó CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA.

Indica que o servizo ven prestándose nos Concellos de Vilariño de Conso, Riós, A Gudiña que formalizarón inicialmente un novo convenio 2020 ó que o Concello de A Mezquita quere acollerse por estar xa en marcha o servizo.

Sinala que xa no curso pasado foron atendidos diferentes nenos e nenas do noso Concello e propón que o Pleno da Corporación Municipal adopte o Acordo de adherirse á Agrupación de Concellos de Vilariño de Conso, Riós e A Gudiña nas mesmas condicións para a prestación do servizo de atención temperá no Concello de A Mezquita.

**VOTACIÓN E ACORDO**

Sometido o asunto a votación pola Presidencia por unanimidade da Corporación Municipal, co voto favorable de todos os grupos municipais ó Pleno da Corporación adopta o seguinte ACORDO:

O Concello de A Mezquita adhírese ó Convenio suscrito pola Agrupación de Concellos de Vilariño de Conso, Riós e A Gudiña para a prestación do Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega (Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

O Pleno da Corporación acorda así mesmo obrígarse nos mesmos compromisos económicos que os aprobados polos restantes concellos da agrupación, así como no resto de obrigas necesarias para a realización do servizo no Concello de A Mezquita.

**3º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TESOUREIRO DA CORPORACIÓN A D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ.**

Dá conta o Sr. Alcalde do Decreto da Alcaldía do pasado 6 agosto 2020, polo que resolveu nomear ó Secretario-Interventor D. Francisco García Suárez como Tesoureiro da Corporación Municipal ó abeiro do disposto na Disposición Transitoria sexta do RD 128/2018 do 16 de marzo e normativa concordante.





O nomeamento ven motivado pola baixa por enfermidade da Tesoureira Accidental Dona M<sup>a</sup> Ángeles Crespo García. Sinala que esta atribución non implica remuneración económica específica e permite non paralizar a actividade económico-financieira do Concello.

O Pleno da Corporación Municipal dase por enterado e por unanimidade acorda RATIFICAR o Decreto da Alcaldía do pasado 6 de agosto 2020 de nomeamento de Tesoureiro a D. Francisco García Suárez.

#### **4º.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR DE A MEZQUITA.**

O Sr. Presidente informa ó Pleno da Corporación do escrito remitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dando conta do acordo adoptado para instar ó Concello de A Mezquita a pór en marcha o expediente de elección de Xuíz/a de paz titular por estar rematado o mandato actual.

O Pleno da Corporación por unanimidade aprobou proceder á CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE A MEZQUITA

De conformidade co disposto nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo do Poder Xudicial incouse expediente para a elección de Xuíz de Paz Titular do Concello de A Mezquita.

As/Os aspirantes deberán reunir as condicións establecidas no artigo 102 da Lei Orgánica 6/1985, que indica que poderá ser nomeado/a xuíz/a de paz quen aínda non sendo licenciado/a en dereito reúna os requisitos establecidos nesa lei para ingreso na carreira xudicial.

As condicións legais que deberán cumprir son ser español/la, ser maior de idade, non estar inmerso/a en ningunha das incapacidades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de A Mezquita.

O prazo de presentación será de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Documentación a presentar:

- Certificado de nacemento ou fotocopia cotexada do DNI.
- Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais.
- Xustificación dos méritos que alegue con indicación da profesión e actividades que realiza.
- A elección será realizada polo Pleno da Corporación Municipal correspondéndolle efectuar o nomeamento a Sala de Goberno do Tribunal superior de xustiza de Galicia.

#### **5º.- FESTIVOS LOCAIS 2021**

Ó abeiro do disposto no Decreto 166/2020 do 10 de setembro polo que se determinan as festas de Galicia para o ano 2021 o Alcalde-Presidente propón declarar como festivos locais para o exercicio 2021 seguindo a tradición de anos anteriores o 5 de agosto, festa patronal da Virxe das Neves en A Mezquita e o 11 de novembro día de San Martiño e da celebración dos magostos.

O Pleno da Corporación por unanimidade ACORDA declarar como festivos locais de A Mezquita para o 2021 o 5 de agosto 2021 (Festas da Virxe das Neves) e o 11 de novembro (San Martiño Festa dos Magostos).

#### **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.





## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de agosto tivo lugar unha xuntanza extraordinaria da FEMP para presentar e aprobar un acordo co Goberno de España para segundo constaba na orde do día "contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura"

Desde o BNG xa denunciámos no seu momento que este acordo agochaba unha operación do Estado para dotarse de liquidez a costa dos remanentes municipais, solicitando novamente a derogación da Lei Montoro e unha nova Lei de de facendas locais que acabe coa discriminación que sofren os municipios do noso país.

Posteriormente o Goberno de España transforma en Decreto Lei o Acordo da FEMP e publícase no BOE con data de 5 de agosto.

Desde o BNG continuamos a manifestar o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

A realidade é que a día de hoxe ese Decreto é rexeitado por todas as forzas políticas agás o PSOE.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "**Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente**"

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes  
ACORDOS

1. Rexeitar o Real Decreto-Lei 2712020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais.
2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.





3. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.

4. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.

Explica o Sr. Alcalde que unha vez derogado o Decreto Lei ó non ser convalidado no Congreso dos Deputados hai aspectos da moción presentada que xa decaeron, non obstante indica que sigue vixente a necesidade de derogar a denominada Lei Montoro que impón regra fiscais que impiden que os Concellos poidan utilizar os seus remanentes ou superávits.

Propón a aprobación dos puntos 2, 3 e 4 da moción presentada.

#### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación a proposta de acordo, por maioría cos votos a favor dos integrantes do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do PP D. Jesús Río Piornedo e coa abstención do concelleiro do PSdeG PSOE D. José Rodríguez Gómez o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.
- Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.

- Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.

## **7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL A REPARACIÓN DE MELLORA DOS PUNTOS DE CARGA DO OPERATIVO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta campaña 2020 de extinción de incendios púxose de manifesto o abandono de infraestructuras necesarias para o correcto funcionamento do Servizo de Extinción de Incendios no noso Concello e na comarca.

A falla de balsas e puntos de carga para o funcionamento do operativo motivou a decisión de recurrir ao uso da piscina municipal provocando danos nas instalacións e impedindo a súa utilización por veciños e usuarios.





**PROPOMOS** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Solicitar da Consellería do Medio Rural o acondicionamento e mellora das infraestruturas no Concello da Mezquita e na comarca necesarias para o correcto e eficaz funcionamento do servizo de Extinción de Incendios.

Dá conta o Sr. Alcalde da alta incidencia que teñen no noso Concello os lunes forestais e sinala o abandono e as deficiencias que presentan as infraestruturas da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia responsable do operativo de extinción e prevención no noso Concello. Indica que esta situación ten provocado danos na piscina municipal por ser utilizada polos helicópteros do Servizo de extinción e propón que o Pleno da Corporación solicite da Consellería de Medio Rural o acondicionamento e mellora das infraestruturas necesarias e tamén a actualización dun protocolo cos puntos de carga para o servizo coas correspondentes coordenadas.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade **ACORDA** solicitar da Consellería de Medio Rural o acondicionamento e mellora das infraestruturas no Concello de A Mezquita e na Comarca necesarias para o correcto e eficaz funcionamento do Servizo de Extinción de Incendios.

**8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE PLAN ÚNICO DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL QUE NON DISCRIMINE AOS CONCELLOS DE OURENSE.**

**Exposición de motivos**

Unha das principais competencias das deputacións provinciais é a asistencia económica aos municipais, especialmente a aqueles de menos capacidade económica e de xestión.

Esta asistencia que se predica respecto dos municipios da provincia, pode materializarse con carácter ordinario ou excepcional, no primeiro dos casos, articularase mediante a aprobación de plans especiais, cinguidos a criterios obxectivos, garantindo as condicións de igualdade e concorrencia.

Pero, o mecanismo predominante na Deputación de Ourense realízase mediante a firma de convenios non suxeitos a concorrencia, o que favorece a dispensación dun trato diferente entre municipios.

Ante isto, dende hai anos, dende o Grupo provincial do BNG estamos a trasladar reivindicacións para que a Deputación de Ourense mellore a colaboración con todos os concellos da provincia e cree un plan de axuda ás administración locais mais ambicioso, seguindo criterios obxectivos e que dea unha verdadeira resposta ás necesidades dos veciños.

Por iso, consideramos como algo ineludible a elaboración dun Plan Único de colaboración cos concellos da provincia de Ourense e a súa inclusión no orzamento para o ano 2021 o que permitiría que a Deputación de Ourense cumpra coa competencia regulada por lei, a de colaborar con todos os concellos e destine unha cuantía similar a que veñen distribuindo as outras Deputacións galegas entre os Concellos.

Neste Plan Único aglutinaríanse os direrentes plans xa existentes.  
Coa creación deste Plan Único perséguese as seguintes finalidades:

- Racionalizar e obxectivizar.
- Simplificar tarefas administrativas
- Facer un Plan Dinámico





- Autonomía municipal
- Planificación do Concello

Por todo o anterior, instamos ao pleno do Concello da Mezquita a aprobación da presente MOCIÓN RELATIVA Á ELABORACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DUN PLAN ÚNICO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE E A SÚA INCLUSIÓN NO ORZAMENTO DO ANO 2021

Explica a proposta o Sr. Alcalde-Presidente sinalando a discriminación que sofren os Concellos de Ourense por canto os fondos do Plan Único de Obras e Servizos da Deputación Provincial de Ourense son moi inferiores ós repartidos polas restantes Deputacións Galegas entre os Concellos de Pontevedra, Lugo e A Coruña.

Indica que se fosemos un Concello de Provincia de Lugo teríamos unha dotación de máis de 300.000 € anuais para financiar servizos e obras municipais.

Por eso reitera que debe solicitarse da Deputación de Ourense un cambio no uso dos fondos provinciais para permitir que os pequenos concellos poidan financiar mais acadamente as súas necesidades.

Sometido este punto a VOTACIÓN E ACORDO o Pleno da Corporación Municipal por maioría, co voto a favor dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG e o concelleiro do grupo socialista, co voto en contra do concelleiro do grupo popular.

ACORDA :

1.- Que no vindeiro orzamento da Deputación Provincial, e tendo en conta os criterios xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto aos concellos da provincia a través dun Plan Único de investimentos que se situe na fronteira de 1/3 do total do orzamento, como xa están a facer as restantes deputacións galegas.

## **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA.**

Dalle lectura o Concelleiro do grupo Municipal popular D. Jesús Río Piornedo a seguinte moción:

O Grupo Municipal Popular no concello de A Mezquita de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desafortunadamente, cumpríronse os peores prognósticos e, neste momento, a factoría de Alcoa en San Cibrao enfróntase á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio primario, unha materia básica e esencial para a nosa economía, especialmente para sectores moi importantes como a construción, a automoción ou as TIC, por citar algúns exemplos.

Con todo, a peor das noticias é que esta decisión anunciada pola multinacional pode supoñer e perda de 700 empregos entre directos e indirectos, afectando á todas as familias que viven desta industria especialmente na Mariña Lucense.

Esta situación prodúcese porque non dispoñemos dun prezo eléctrico competitivo co resto de Estados europeos. O Goberno de España, que ten a competencia sobre a lei do sector eléctrico, leve 19 meses sen atender ao que lle dicimos desde Galicia: aprobación inmediata dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que teña en conta as elegacións feitas pola Xunta, en consenso coa industria e cos traballadores afectados. Unhas elegacións que comparten os Gobernos de Asturias e Cantabria.





Polo tanto, non hai más tempo que perder e o Goberno central debe asumir como máxima prioridade a aprobación urxente dos mecanismos que permitan contar cun prezo eléctrico competitivo e estable para a factoría de Alcoa San Cibrao e o conxunto de industria electrointensiva galega para que poidan operar en igualdade de condicións co resto de Europa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para e aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polc anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
- Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electrointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
- Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electrointensivas o Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de co2 o Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo municipal do BNG está disposto a apoiar a moción presentada se se incorporan dúas enmendas. A primeira que as reclamacións que se dirixen ó goberno de España tamén se dirixan á Xunta de Galicia e en segundo lugar que se engada un novo apartado demandando a intervención pública da planta para manter os postos de traballo e darlle unha solución á comarca.

O portavoz do grupo municipal popular sinala que acepta incorporar as enmendas propostas polo BNG.

#### VOTACIÓN E ACORDO

Por unanimidade da Corporación Municipal aprobouse o seguinte ACORDO:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polc anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.





- Solicitar ao Goberno de España e da Xunta de Galicia que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
- Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electointensiva.
- Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electrointensivas o Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de co2 o Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.
- Solicitar a intervención pública da Planta de ALCOA para garantir os postos de traballos e o futuro da compañía.

### **10º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ESIXIR A DIMISIÓN DO DEPUTADO PROVINCIAL RODRÍGUEZ VILARINO E O CESE DO SUBDELEGADO DO GOBERNO.**

Procede a darlle lectura D. Jesús Río Piornedo á moción presentada:

D. Jesús Río Piornedo, na súa condición de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de A Mezquita, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do R.O.F., e de acordo á Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, presenta a seguinte MOCIÓN PARA ESIXIR A DEMISIÓN DO DEPUTADO RODRÍGUEZ VILLARINO POLOS SEUS ATAQUES A AUTÓNOMOS E PEMES DA PROVINCIA DE OURENSE, E O CESE DO SUBDELEGADO DO GOBERNO POLA SÚA FALTA DE TRANSPARENCIA E ACTUACIÓNS VICIADAS DE PARTIDISMO, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

PRIMEIRO.- A pandemia do COVID-19 provocou, a día de hoxe, 132 falecid@s na nosa provincia, unha situación dramática que fixo que o pleno da Corporación provincial, co voto a favor de todos os grupos políticos, agás o grupo socialista, declarase o loito oficial en Ourense.

SEGUNDO.- Esta crise sanitaria derivou tamén nunha crise económica, especialmente para traballador@s autónom@s e pequenas e medianas empresas. O Goberno provincial constituíu o "Comité do Día despois" ao principio do estado de alarma para planificar a







reactivación económica, da man do empresariado, dos autónomos... dos que crean riqueza e xeran emprego no territorio.

TERCEIRO.- O 29 de abril, a Corporación provincial de Ourense celebrou sesión extraordinaria e aprobou, entre outras, axudas directas a autónom@s e pequenas e medianas empresas dos 91 concellos da provincia menores de 20.000 habitantes. Axudas para inxectar liquidez en momentos moi delicados, coa mínima burocracia e compatibles con calquera outra. O grupo socialista non votou a favor das mesmas. No debate o portavoz socialista non cuestionou a legalidade das mesmas.

CUARTO.- O portavoz do grupo provincial socialista, especialmente durante estas difíciles semanas, fixo un novo exercicio de ruindade poñendo trabas a calquera medida do Goberno provincial, buscando sempre a maneira de torpedear ou boicotear calquera acción pensada sempre no interese xeral de Ourense, no seu territorio e nas veciñas e veciños da provincia.

O portavoz do grupo provincial socialista asinou o documento presentado con data 26 de marzo polo seu grupo, onde debulla "15 medidas para facer fronte aos efectos derivados da pandemia provocada polo SARS-COV-2 na provincia". Nas catro follas que o integran non aparece a palabra "autónomo", nen "empresa" por ningures.

QUINTO.- O portavoz socialista na Deputación tamén é portavoz socialista no Concello de Ourense. As trabas ás axudas aos autónomos da capital da provincia tamén son unha constante nas súas declaracións, así como a actitude permanente de crítica ás mesmas.

Quizáis pola aparición dos documentos oficiais (facilitados tarde e a regañadentes pola Subdelegación do Goberno) onde queda acreditado que promoveu a revisión da legalidade das axudas directas a autónom@s e pemes, no pleno do Concello de Ourense votou a favor da modificación de créditos, que incluía axudas similares no pleno celebrado o 18 de xuño. Un pronunciamento que choca coa abstención plantexada na votación da modificación de créditos, que incluía as axudas da Deputación que impugnou verbalmente, no pleno da Corporación provincial do día 29 de maio. Mesmo asunto, sentido diferente do voto. Só a súa mentalidade e actitude pode provocar este resultado, e levar consigo aos outros membros dos seus grupos local e provincial.

SEXTO.- Non sorprende a ninguén o comportamento e conduta do portavoz do grupo socialista. Trátase dunha liña coherente coa súa condición de REPROBADO pola Corporación provincial en sesión plenaria celebrada o 20 de decembro de 2019. O acordo unánime do Pleno di que a reprobación prodúcese "pola súa desprezable práctica política de manipulación, mentira e insulto".

SÉPTIMO.- Desde o grupo asinante desta moción amosamos o noso máximo respecto ao Partido Socialista, aos seus militantes e electores, pasados, presentes e futuros. Pero non podemos permitir no eido da política un "talibanismo" tan cruel, capaz de levar a unha errática deriva a estratexia dunha formación política.

Unha dirección que, por exemplo, leva a non comparecer nun dos debates máis importantes do ano na Corporación provincial de Ourense: o Debate sobre o Estado da Provincia", unha irresponsabilidade que determina que os escanos baleiros do grupo socialista supoñan tamén un abandono de funcións evidente e unha traizón a quen votou socialismo, que queda sen representantes e sen voz nen propostas. Un erro maiúsculo.





Un portavoz que fai que o seu grupo vote en contra dun acordo de idéntico texto aprobado unanimemente pola Federación Española de Municipios e Provincias. Un acordo que vai en contra dos intereses de tódolos concellos de Ourense, e polo tanto da veciñanza da provincia. Votar en contra de que os concellos da provincia utilicen a súa liquidez, os seus remanentes, en accións no seu territorio en beneficio das veciñas e veciños e que o Goberno de España non os expolie economicamente.

Votar en contra de Ourense, dos seus concellos. E agora atacar os intereses dos autónomos e das pemes da provincia. Unha nova dinámica en contra de Ourense, neste caso en contra dos protagonistas da reactivación económica, nos momentos nos que máis precisan o apoio de todos, especialmente das administracións públicas.

Asemade, no pleno da Corporación provincial de maio pasado, o grupo socialista, seguindo as directrices do seu portavoz, votou en contra da constitución da "Comisión Ourense Futuro", para darlle voz na Deputación á sociedade civil no futuro da provincia. O único grupo que votou en contra. Os outros catro grupos A FAVOR. A favor da "Comisión Ourense Futuro". A favor do Futuro de Ourense. O portavoz socialista en contra. Sempre en contra de Ourense.

OITAVO.- A especial virulencia do portavoz socialista pareceu contaxiar durante todo este tempo determinadas actuacións do Subdelegado do Goberno na provincia de Ourense. Todo parece dar resposta a unha estratexia de utilización partidista das institucións do Estado, por parte de quen entende a política como unha operación personalísima de trepar e medrar a costa de quen sexa, persoas ou a propia organización política na que milita, sementando xenreira fora e dentro das súas filas.

NOVENO.- Resulta paradóxico que unha das accións máis e mellor valoradas das postas en marcha polo executivo provincial durante este tempo (converter o pavillón Paco Paz en centro loxístico de atención, aparcamento, hixiene, descanso, manutención e desinfección de vehículos para transportistas e persoal esencial na loita contra o Covid-19) fora inspeccionada por enviados da Subdelegación do Goberno e mesmo que determinados colectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado foran advertidos de non utilizar eses servizos para evitar o éxito dos mesmos.

DÉCIMO.- O feito máis grave de toda esta burda obra foi a posta en marcha dunha revisión da legalidade das axudas a autónomos e pemes por parte da Subdelegación do Goberno. Axudas similares ás postas en marcha en todo o Estado por gobernos provinciais e concellos de tódolos signos políticos. Axudas semellantes ás dos concellos da Coruña e de Lugo, por poñer exemplos cercanos, con alcaldesas socialistas, e onde as subdelegacións do Goberno non están a revisar a legalidade das mesmas. Por que en Ourense si?

UNDÉCIMO.- A subordinación do subdelegado do Goberno ás equivocadas políticas "anti-Ourense" quedou ao descuberto coa documentación oficial remitida finalmente, logo de non dar audiencia no expediente nin subministrar documentación cando a Deputación solicitou personarse e coñecer quen promovera tamaño ataque aos autónomos e pernes do territorio provincial.

Foi o portavoz do PSOE na Deputación quen quixo que a Subdelegación revisara a legalidade das axudas da Deputación. E foi o subdelegado o que admitiu que alguén poda "por requirimento verbal" poñer en marcha o aparato administrativo. O mesmo subdelegado que omitiu quen incoara o procedemento nas comunicacións que mantivo coa Deputación.





O deputado provincial Rodríguez Villarino, o concelleiro do Concello de Ourense Rodríguez Villarino, atacou "pola calada" —polas costas— os intereses de milleiros de ourensáns. Unha traizón a Ourense que pretende declarar nulas esas axudas e que milleiros de ourensáns, en tódolos concellos da provincia, teñan que devolvelas, nun momento tan difícil no que tódalas axudas son poucas.

Ourense non merece representantes políticos tan indignos e torticeiros. Non se pode xogar coa xente. Na política non vale todo.

DUODÉCIMO.- A provincia de Ourense, as veciñas e veciños, non se merecen representantes políticos tan sectarios que poñan en risco axudas tan necesarias por puro interese electoral ou control dunha organización política, traizonando a quen reivindica a nobreza e dignidade do exercicio da política. Estar en contra de Ourense, dos seus autónomos, dos seus emprendedores, das súas empresas é unha actitude que incapacita a calquera e define perfectamente a quen so pretende destruír.

En virtude do exposto, o Pleno do Concello de A Mezquita ACORDA:

1.- Esixir a demisión como deputado provincial e como concelleiro no Concello de Ourense do portavoz do grupo socialista, Rafael Rodríguez Villarino, xa reprobado polo Pleno da Corporación provincial de Ourense en decembro de 2019, pola súa actitude destrutiva, especialmente contra os autónomos e pemes da provincia de Ourense.

2.- Solicitar ao Goberno de España o cese do subdelegado do Goberno por actuar con subordinación ás decisións do seu superior xerárquico na organización política na que milita, causando inseguridade e potenciais efectos económicos adversos a milleiros de ourensáns, e por quedar acreditada a falta de transparencia e ocultación de documentos nun procedemento administrativo que afecta gravemente aos intereses da veciñanza provincial.

3.- Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España; aos alcaldes e alcaldesas de todos os concellos da provincia de Ourense; ao presidente da FEMP; ao presidente da FEGAMP; aos president@s das Confederacións Empresariais de España, de Galicia e de Ourense; aos/ás president@s das organizacións de autónomos a nivel nacional, autonómico e provincial; a todas es asociacións empresariais de Ourense, tanto a nivel provincial, comarcal e local de calquere dos 92 concellos de Ourense.

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ó portavoz do grupo municipal socialista que intervéen en contra da proposta da moción indicando que considera que é inoportuna e manifesta que o Sr. Villarino ofreceuse para que o PP non pactara cun louco que pola súa culpa ten patas arriba ó Concello de Ourense.

Por parte do grupo municipal do BNG o Sr. Alcalde indica que consideran que a reprobación non procede e que as axudas ós autónomos teñen sido apoiadas por todos os grupos.

#### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación polo Alcalde-Presidente é rexeitada contando co voto a favor de D. Jesús Ríó Piornedo e con 8 votos en contra, 7 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal socialista.





## **11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA AO OPORTUNIDADE DO USO DA PISCINA MUNICIPAL DURANTE O PERIODO ESTIVAL DO ANO 2020.**

D. Jesús Río Piornedo, na súa condición de voceiro do Grupo Popular no Concello de A Mezquita, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN RELATIVA A GRATUIDADE DO USO DA PISCINA MUNICIPAL DURANTE O PERIODO ESTIVAL DO ANO 2020, para o seu debate pola corporación, tendo en conta a seguinte

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante a situación causada pola crise sanitaria é debido aos rebrotes de covid-19 que se están producindo é probable que a mobilidade da poboación poda reducirse. Isto deixaría ás piscinas como única alternativa para refrescarse durante o verán.

A este argumento sumase a difícil situación económica pola que están a pasar un gran número de familias do noso concello, ademais da incerteza da situación laboral nun futuro próximo (Ertes, desemprego, etc). Cobrar polo servizo resulta un gasto excesivo para a nosa veciñanza.

Doutra banda, suxerímos tamén incrementar as medidas de seguridade, como que non se permita o acceso con calzado ao recinto das piscinas, ademais da instalación dunha alfombra desinfectante para solas de zapatos e un espazo na entrada para depositalos.

En virtude de todo o exposto, o Grupo do Partido Popular propón a corporación o seguinte

### ACORDO:

1º. Solicitar a gratuidade do servizo de Piscina, ou no seu defecto fixar un simbólico prezo de cinco céntimos de Euro por persoa e día e incrementar as medidas de seguridade coas medidas anteriormente expostas.

O portavoz do grupo municipal popular renuncia á súa defensa indicando que xa pasou o seu momento.

O Sr. Alcalde considera que os prezos de utilización da piscina son moi económicos e non cubren os gastos ocasionados.

Sometida a votación pola Presidencia a moción é Rexeitada cos votos en contra do grupo municipal do BNG e do PSOE e con voto a favor do concelleiro popular.





## 12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon por escrito o Sr. Alcalde pregunta se hai algún rogo ou pregunta verbal.

Por parte do Concelleiro socialista D. José Rodríguez García demándase a reposición de bandeiras na fachada da Casa do Concello.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

